

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DITA A INSTRUCIÓN DE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE INCORPORACIÓN DE CRÉDITO AO PRÓXIMO EXERCICIO, PARA A TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE GASTO FINANCIADOS CON CRÉDITOS INCORPORABLES E QUE SE INICIEN AO COMEZO DE CADA EXERCICIO (CRÉDITOS XERADOS NO EXERCICIO CORRENTE PERO COA POSIBILIDADE DE EXECUTAR O GASTO NO EXERCICIO SEGUINTE) ¹

O tempo transcorrido e as novas circunstancias que se presenten na tramitación dos expedientes de gasto aconsellan derogar a Resolución con data do 16/12/2016, da Xerencia e da Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade, pola que se dita a instrución para a tramitación anticipada da incorporación ao próximo exercicio, de créditos para os expedientes de gasto de contratos laborais con cargo ao capítulo VI, con financiamento alleo (xerado no exercicio corrente pero con posibilidade de executar o gasto no exercicio seguinte).

A Universidade da Coruña, como entidade beneficiaria de axudas procedentes das distintas Administracións Públicas españolas e da Unión Europea, debe articular procedementos administrativos que garantan a execución correcta e eficiente destes fondos.

As operacións de peche e apertura do exercicio orzamentario afectan a continuidade dos expedientes de contratación de persoal alleo e outros expedientes de gasto financiados con cargo a créditos incorporables ao exercicio seguinte. A tramitación destes expedientes estaba supeditada ás operacións de inicio de exercicio e a posterior tramitación das incorporacións de créditos que os financiaban.

Esta resolución aplicarase para o caso de créditos orzamentarios, que pola súa natureza ou polas súas condicións específicas sexan incorporables e se financien mediante recursos concretos que, no caso de non se realizar o gasto, non se poderían percibir os ingresos correspondentes ou, se se realizasen sen atender as condicións requiridas polo financiador terían que se reintegrar ás entidades, públicas ou privadas que corresponda.

En vista do que antecede e co fin de posibilitar a continuidade da tramitación dos expedientes afectados RESÓLVESE:

1º Para proceder á incorporación anticipada será necesario acreditar a necesidade de contar co crédito o día un de xaneiro do exercicio que corresponda.

2º Debe acreditarse no expediente que os créditos que financian os expedientes de gasto que motivan a solicitude de incorporación anticipada son incorporables ao seguinte exercicio².

¹ Resolución ditada ao abeiro do disposto no último parágrafo do apartado de Tramitación Xeral, do documento complementario I: das instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos vixente ao orzamento de gastos do seguinte exercicio económico.

² Indicalo no apartado correspondente do modelo que se xunta.

Código Seguro De Verificación	5uI0xe5/80tTynPK0Dpszg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade Domingo Calvo Dopico	Asinado	13/12/2017 14:40:17
	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Asinado	13/12/2017 13:34:04
Observacións		Páxina	1/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5uI0xe5/80tTynPK0Dpszg==		



3º O Servizo de Investigación, coa conformidade da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia solicitaralle á Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade (en diante VEIS) a tramitación anticipada da incorporación de crédito (en diante expediente) dos documentos contables formulados ao abeiro da *Instrución do 15/12/2009 que regula a tramitación de expedientes de contratación de persoal, con financiamento alleo xerado no exercicio corrente pero coa posibilidade de executar o gasto no exercicio seguinte*, facendo constar que coa incorporación de crédito ao exercicio seguinte poderase continuar co financiamento dos contratos laborais que correspondan. A contía solicitada deberá estar formalizada en fase D no exercicio desde o que se incorpora³.

4º A Oficina de Relacións Internacionais, coa conformidade da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación, solicitaralle a VEIS a tramitación anticipada da incorporación de crédito dos documentos contables formulados ao abeiro da convocatoria de axudas Erasmus+ que corresponda ou do convenio «Cátedra Inditex de lingua e cultura española», facendo constar que coa incorporación de crédito ao exercicio seguinte, poderase continuar co financiamento da convocatoria que corresponda ou coa tramitación anticipada do expediente de gasto afectado. A contía solicitada deberá estar formalizada contablemente na fase que corresponda.

5º VEIS autorizará o expediente.

6º Unha vez tomada razón do expediente no Servizo de Xestión Financeira será fiscalizado polo Servizo de Intervención, que o devolverá á unidade tramitadora que corresponda. (no caso dos expedientes de investigación será o Servizo de Investigación. Para os expedientes de gasto das vicerreitorías a unidade tramitadora será o Servizo de Contratación, Patrimonio e Xestión Económica).

7º Este procedemento de tramitación anticipada non supón en ningún caso a incorporación efectiva ao exercicio correspondente.

Unha vez iniciado o exercicio económico que corresponda, o Servizo de Intervención remitirá ao Servizo de Xestión Financeira unha relación dos expedientes afectados polo procedemento de incorporación anticipada, para a súa incorporación efectiva.

8º Logo de que se incorporen os créditos, o Servizo de Investigación solicitaralle ao NAAEE que corresponda o documento contable AD do exercicio corrente.

No caso doutros expedientes de incorporación de créditos, a unidade tramitadora elaborará os documentos contables que correspondan de exercicio corrente.

O Servizo de Investigación remitiralle o AD ao Servizo de Intervención no prazo máximo de dez días, que conta desde o seguinte á incorporación de créditos.

9º Para o caso do financiamento Erasmus+ poderanse tramitar anticipadamente convocatorias de axudas de mobilidade como expediente anticipado de gasto, financiándose coa incorporación anticipada, facendo constar que a convocatoria está condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente cando se inicie o exercicio. Tamén se poderán

³ Debe achegarse unha copia do/s documento/s contable/s fiscalizado/s.

Código Seguro De Verificación	5uI0xe5/80tTynPK0Dpszg==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade	Domingo Calvo Dopico	Asinado	13/12/2017 14:40:17
	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos	Yolanda Calaza Parajes	Asinado	13/12/2017 13:34:04
Observacións			Páxina	2/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5uI0xe5/80tTynPK0Dpszg==			



tramitar nas mesmas condicións, as accións derivadas do convenio “Cátedra Inditex de lingua e cultura española”.

10º Esta Resolución será aplicable aos expedientes de gasto de contratos laborais de capítulo VI con financiamento alleo, xerados no exercicio corrente e con posibilidade de executar o gasto no exercicio seguinte e que sexan tramitados polo Servizo de Persoal de Administración e Servizos, para o cal será necesario que a autorización prevista no punto 3º sexa emitida polo órgano competente. Así mesmo, serán devoltos ao Servizo de Persoal de Administración e Servizos unha vez fiscalizados.

11º Esta Resolución tamén se fai extensiva para os créditos orzamentarios, que pola súa natureza ou polas súas condicións específicas sexan incorporables e se financien mediante recursos concretos que, no caso de non se realizar o gasto que corresponda non se podería percibir o ingreso correspondente ou, si se realizasen sen atender as condicións requiridas polo financiador terían que se reintegrarse ás entidades, públicas ou privadas. A incorporación efectuarase dentro dos períodos de execución do gasto establecidos para cada financiamento e nas condicións de xestión e elixibilidade que determine o financiador.

Os recursos afectados deberán estar identificados no orzamento de ingresos e de gastos, e procederase ao seu rexistro contable e á imputación orzamentaria dos dereitos e obrigas que se deriven da súa execución, conforme co que establecen as normas sobre recoñecemento e imputación do financiamento afectado.

Para tramitar o expediente de incorporación anticipada utilizaranse os modelos que se xuntan a esta instrución.

12º Esta Resolución deroga Resolución de 16/12/2016, da Xerencia e VEIS, pola que se dita a instrución para a tramitación anticipada da incorporación ao próximo exercicio, de créditos para os expedientes de gasto de contratos laborais con cargo ao capítulo VI, con financiamento alleo (xerado no exercicio corrente pero con posibilidade de executar o gasto no exercicio seguinte).

Esta Resolución publicarase no Taboleiro electrónico oficial (TEO) da Universidade da Coruña. Entrará en vigor o día da súa publicación.

A Coruña, 13 de decembro de 2017

O xerente
P.S. A vicexerenta
(R.R. do 12/01/2016)

O vicerreitor de Economía, Infraestruturas
e Sustentabilidade

Yolanda Calaza Parajes

Domingo Calvo Dopico

Código Seguro De Verificación	5uI0xe5/80tTynPK0Dpszg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade Domingo Calvo Dopico	Asinado	13/12/2017 14:40:17
	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Asinado	13/12/2017 13:34:04
Observacións		Páxina	3/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5uI0xe5/80tTynPK0Dpszg==		



SOLICITUDE DE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE INCORPORACIÓN AO PRÓXIMO EJERCICIO DE CRÉDITO COMPROMETIDO CO FIN DE DAR CONTINUIDADE AOS EXPEDIENTES DE GASTO DE CONTRATOS LABORAIS CON CARGO A CRÉDITOS DO CAPÍTULO VI

Co fin do financiamento para o exercicio de _____ do contrato laboral de (*indicar nome da persoa contratada*) _____, D./Dª (*indicar o/a responsable que asina a solicitude*) _____.

EXPÓN:

1.- Que a necesidade de financiamento ao inicio do exercicio, ven determinada por (*indicar causa: contratación de persoal laboral temporal de cap VI con financiamento alleo, etc.-*) _____¹

2.- Que os créditos son incorporables ao seguinte exercicio por corresponder (*indicar axuda e vixencia*) a: _____²

Conforme co que antecede, SOLICITO a tramitación anticipada da incorporación do crédito da aplicación orzamentaria _____ ao exercicio de _____ por un importe de _____ €

En vista do exposto, CERTIFICO / FAGO CONSTAR:

- Que a contía solicitada acadou a fase D no exercicio vixente e foi tramitada ao abeiro da *Instrución do 15/12/2009, pola que se regulamenta a tramitación de expedientes de contratación de persoal, con financiamento alleo xerado no exercicio corrente pero coa posibilidade de executar o gasto no exercicio seguinte.*
- Que os documentos contables que se relacionan a continuación, dos que se achega copia, foron confeccionados exclusivamente ao abeiro da citada Instrución do 15/12/2009 para incorporar ao exercicio seguinte:

Nº DOCUMENTO	INTERESADO	IMPORTE
IMPORTE TOTAL PARA INCORPORAR		

A Coruña/Ferrol, ____ de _____ de _____

A xefa do Servizo de Investigación

Visto e prace

O vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia

¹ Todas as actuacións deben financiarse con créditos incorporables de acordo coa normativa en materia orzamentaria. Esta circunstancia deberá acreditarse. No caso de tramitar expedientes de gasto que non se adecúen a este requisito procederá a súa devolución ao xestor.

² Indicar claramente a axuda (convocatoria axudas estatal/autonómica-convenio con entidades públicas-convenio achegas privadas, etc.).

VICERREITORÍA DE ECONOMÍA, INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE

página 4 / 8

Código Seguro De Verificación	5uI0xe5/80tTynPK0Dpszg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Economía, Infraestructuras e Sustentabilidade Domingo Calvo Dopico	Asinado	13/12/2017 14:40:17
	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Asinado	13/12/2017 13:34:04
Observacións		Páxina	4/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5uI0xe5/80tTynPK0Dpszg==		





De acordo co que dispón a Resolución conxunta da Xerencia e da Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade pola que se dita a Instrución que permite a tramitación anticipada da incorporación ao próximo exercicio de crédito comprometido para continuidade aos expedientes de gasto de contratos laborais con cargo a créditos do capítulo VI, con financiamento alleo xerado no exercicio corrente pero coa posibilidade de executar o gasto no exercicio seguinte e logo de examinar a solicitude de data _____, da que se xunta copia, do Servizo de Investigación de tramitación anticipada de incorporación de crédito ao exercicio de _____, por un importe de _____ € con cargo á aplicación orzamentaria _____.

RESOLVO:

AUTORIZAR a tramitación anticipada de incorporación de crédito do exercicio vixente ao exercicio seguinte, polo importe solicitado na aplicación orzamentaria proposta.

A Coruña/Ferrol, ____ de _____ de _____

O vicerreitor de Economía, Infraestruturas e
Sustentabilidade

Toma de Razón
O Servizo de Xestión Financeira

Intervido e conforme
O Servizo de Intervención

SERVIZO DE INVESTIGACIÓN

páxina 5 / 8

Código Seguro De Verificación	5uI0xe5/80tTynPK0Dpszg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade Domingo Calvo Dopico	Asinado	13/12/2017 14:40:17
	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Asinado	13/12/2017 13:34:04
Observacións		Páxina	5/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5uI0xe5/80tTynPK0Dpszg==		



SOLICITUDE DE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE INCORPORACIÓN AO PRÓXIMO EXERCICIO DE CRÉDITO CO FIN DE DAR CONTINUIDADE A CONVOCATORIAS/EXPEDIENTES DE GASTO FINANCIADAS CON CRÉDITOS DO (indique o financiamento que corresponda – programa/convenio...- e o expediente afectado)

Co fin do financiamento para o exercicio de _____ da (indicar convocatoria ou expediente de gasto)

D./Dª (indicar o/a responsable que asina a solicitude) _____

EXPÓN:

1.- Que a necesidade de financiamento ao inicio do exercicio ven determinada por (indicar causa: convocatoria de axudas/expediente gasto de inicio exercicio, contratación de persoal laboral temporal de cap VI con financiamento alleo, etc.-) _____¹

2.- Que os créditos son incorporables ao seguinte exercicio por corresponder a (indicar axuda e vixencia) _____²

Conforme co que antecede, SOLICITO a tramitación anticipada da incorporación do crédito da aplicación orzamentaria _____ ao exercicio de _____ por un importe de _____ €

En vista do exposto, CERTIFICO / FAGO CONSTAR:

– Que a contía solicitada acadou a fase _____ (indicar fase contable) no exercicio vixente, e que está financiada con cargo ao programa/convenio (indicar denominación do programa/convenio)

(Para o PROGRAMA ERASMUS+, indique ademais o proxecto e a convocatoria: _____)

– Que os créditos que financian este programa son incorporables durante o período _____, por estar vixente o programa dende _____ ata _____.

(Indicar a procedencia dos fondos –entidade que financia e tipo de fondos-) _____

– Que os documentos contables que se relacionan a continuación, foron confeccionados exclusivamente en execución das condicións establecidas polo programa/convenio (indicar denominación do programa/convenio) _____

(Para o PROGRAMA ERASMUS+, indique ademais o proxecto e a convocatoria: _____)

e, son incorporables ao exercicio seguinte:

Código Seguro De Verificación	5uI0xe5/80tTynPK0Dpszg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade Domingo Calvo Dopico	Asinado	13/12/2017 14:40:17
	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Asinado	13/12/2017 13:34:04
Observacións		Páxina	6/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5uI0xe5/80tTynPK0Dpszg==		



Nº DOCUMENTO	INTERESADO	IMPORTE
IMPORTE TOTAL PARA INCORPORAR		

A Coruña, ____ de _____ de ____

O/a director/a da ORI ou unidade
responsable do crédito

Visto e prace
O/A vicerreitor/a de _____

¹ Todas as actuacións deben financiarse con créditos incorporables de acordo coa normativa en materia orzamentaria. Esta circunstancia deberá acreditarse. No caso de tramitar expedientes de gasto que non se adecúen a este requisito procederá a súa devolución ao xestor.

² Indicar claramente a axuda (convocatoria axudas estatal/autonómica-convenio con entidades públicas-convenio achegas privadas, etc.).

VICERREITORÍA DE ECONOMÍA, INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE

páxina 7 / 8

Código Seguro De Verificación	5uI0xe5/80tTynPK0Dpszg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade Domingo Calvo Dopico	Asinado	13/12/2017 14:40:17
	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Asinado	13/12/2017 13:34:04
Observacións		Páxina	7/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5uI0xe5/80tTynPK0Dpszg==		



Tendo en conta o disposto na Resolución conxunta da Xerencia e da Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade pola que se dita a Instrución que permite a tramitación anticipada da incorporación ao próximo exercicio para dar continuidade aos expedientes de gasto de (*indique o programa/convenio que corresponda*) _____

(*para o PROGRAMA ERASMUS+, indique ademais o proxecto e a convocatoria:* _____),

con financiamento alleo de (*indicar o financiador*), _____ que corresponden a créditos xerados no exercicio corrente, que son incorporables ao seguinte exercicio e logo de examinar a solicitude de data _____ que se adxunta, de tramitación anticipada de incorporación de crédito ao exercicio de _____, por un importe de _____ € con cargo á/s aplicación/s orzamentaria/s _____,

RESOLVO:

AUTORIZAR a tramitación anticipada de incorporación de crédito do exercicio vixente ao exercicio seguinte, polo importe solicitado na aplicación orzamentaria proposta.

A Coruña/Ferrol, ____ de _____ de _____

O vicerreitor de Economía,
Infraestruturas e Sustentabilidade

Toma de Razón
O Servizo de Xestión Financeira

Intervido e conforme
O Servizo de Intervención

(INDICAR A UNIDADE RESPONSABLE DA SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN ANTICIPADA E A VICERREITORÍA A QUE CORRESPONDE)

páxina 8 / 8

Código Seguro De Verificación	5uI0xe5/80tTynPK0Dpszg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade Domingo Calvo Dopico	Asinado	13/12/2017 14:40:17
	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Asinado	13/12/2017 13:34:04
Observacións		Páxina	8/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5uI0xe5/80tTynPK0Dpszg==		

